
CURSO DE FORMACIÓN EN MS ACCESS

Obxectivo: Aprender os conceptos básicos sobre as posibilidades de xestión con MS ACCESS para a organización, rexistro e recuperación da información no entorno de traballo.

Por que Access? Access é unha ferramenta para recopilar e organizar información.

É a mellor opción para almacenar grande cantidade de datos que se relacionan entre eles para logo mostrar, exportar ou imprimir subconxuntos destes datos.

- ✓ Os formularios para incorporar a información ás táboas proporcionan unha interface máis útil que traballar que unha folla de cálculo de Excel. *(De feito moitas bases de datos comezan coma unha lista nunha folla de cálculo, pero a medida que as listas aumentan de tamaño, aparecen redundancias e inconsistencias de datos)*
- ✓ Pódense automatizar accións realizadas con frecuencia.
- ✓ As consultas dos datos son moi versátiles, pódese traballar cunha grande variedade de operacións cos datos almacenados nas táboas
- ✓ Os informes de Access permiten resumir os datos no formato impreso ou electrónico máis acaído.
- ✓ Pódese controlar que tipos de datos e que valores se poden introducir e especificar como se relacionan os datos dunha táboa cos datos doutras táboas. Esta estrutura axuda a asegurarse de que só se escriben os tipos de datos correctos.

En resumo, cando temos grande cantidade de datos que temos que cruzar, filtrar ou obter resumos, cando se prevea que varios usuarios van traballar na base de datos, cando se teña a necesidade de agregar varias táboas a un conxunto ou realizar unhas etiquetas postais, a mellor aplicación é Access.

Contidos:

1. A contorna de traballo.
2. As bases de datos. Crear, abrir e pechar unha base de datos.
3. Tabóas e relacións. Propiedades, modificar táboas, etc.
4. Rexistros e datos. Introducir diferentes tipos de datos nas táboas.
5. Consultas. De resumen, de referencias cruzadas, de relación.
6. Formularios e informes. Configuración e controis.

Duración: 20 horas.

Horario: De 10.00 a 13.00 h, cun descanso na metade da sesión.

Datas de impartición: Luns, mércores e xoves dende o 15 ao 29 xuño.

Fórmula de impartición: Aulas online en directo por medio da tecnoloxía Webex de Cisco.

Dita tecnoloxía permítenos crear sesións de formación on line en directo, con apoio de materiais compartidos, sen requisitos demasiado esixentes para o alumnado. Un ordenador/tablet/smartphone con conexión a internet e un pequeno programa/app instalado.

Número máximo de prazas: 35 (1 praza por compañía asociada a Escena Galega)

Prazo de inscrición: Ata o xoves 11 de xuño ás 10.00 h.

Fórmula de inscrición: Enviando un correo electrónico co asunto *Formación Access* ao enderezo comunicacion@escenagalega.gal indicando nome e apelidos/compañía asociada/teléfono e correo-e de contacto.

ENTIDADE IMPARTIDORA: GRUPO ACADEMIA POSTAL.

Grupo Academia Postal é unha rede de centros de formación espallados polas principais cidades de Galicia dende hai moitos anos especializados en preparación de oposicións, informática e novas tecnoloxías, e formación en distintas especialidades para persoas adultas.

CUESTIÓNS IMPORTANTES ARREDOR DESTA FORMACIÓN. LER CON ATENCIÓN.

(*) Non é necesario que o alumnado aporte ningún tipo de material. Entregaránse durante a formación algúns materiais complementarios, ademais dun pequeno manual/resumo dos contidos ao remate.

(*) A formación é de balde para as compañías asociadas a Escena Galega. **Poderán realizala tamén persoas non asociadas sempre e cando queden prazas dispoñibles e aboando un prezo de matrícula de 45 €.** A fórmula de inscrición será a mesma que se indica arriba.

(*) Haberá unha sesión o venres 12 de xuño de 10.00 a 12.00 h (non obrigatoria), anterior ao inicio do curso, de consultoría sobre a instalación do programa Access e a conexión ás aulas on line.